

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE OITO POSTOS DE TRABALLO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3) (BOPPO nº 3 do mércores 3 de xaneiro de 2024).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2024, de concesión de subvención ao abeiro do PLAN + PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO (LIÑA3) (BOPPO nº 2 do mércores 3 de xaneiro de 2024) no que será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de oito persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son::

Ocupación	Nº postos	Duración
Fontaneiro/a	1	Marzo-Outubro_2024
Peón obras públicas	3	Marzo-Outubro_2024
Peón forestal	1	Marzo-Outubro_2024
Albanel	1	Abril-Novembro_2024
Electricista	1	Abril-Novembro_2024
Pintor/a	1	Abril-Novembro_2024

Mándao e asínao a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

